

736

# A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» en Galicia  
e nas suas colonias

AÑO MCMXXII

## Decálogo do Nacionalismo Galego

- |  |  |
|--|--|
| I<br>Autonomía de Galicia.   | VI<br>Sustantividade do dereito foral galego.                        |
| II<br>Autonomía municipal.   | VII<br>A terra para os que a traballen, e libre de gravames.         |
| III<br>Co-oficialidade dos idiomas galego e castelan.  | VIII<br>Repoboación forestal forzosa.                                |
| IV<br>Igualdade de dereitos civís e políticos para a muller e para o home.                                 | IX<br>Entrega á propiedade particular das terras incultas do Estado. |
| V<br>Representación proporcional e non elixibilidade dos que non rindan función útil para a colectividade. | X<br>Libre cambio.   |

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pesetas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados

Redacción e Administración: Freza María Pita, 17, baixos, A CRUÑA


# Ford

## EL AUTOMÓVIL UNIVERSAL

Nova baixa de prezos postos en vigor

			ANTES	AHORA
CHASSIS COMUN...		Pesetas	4.480	<b>4.230</b>
VOITURETTE para 2 pasaxeiros, aberto con arranque			6.300	<b>6.070</b>
VOITURETTE » 2 » sin »			5.790	<b>5.675</b>
DOBLE FAETON » 5 » con »			6.630	<b>6.350</b>
DOBLE FAETON » 5 » sin »			6.125	<b>5.965</b>
SEDAN » 5 » (coche cerrado con arranque)			12.050	<b>11.290</b>
COUPE » 2 » »			10.975	<b>10.215</b>
CHASSIS AUTO-CAMION, de 1 tonelada			5.050	<b>5.735</b>

Estos prezos enténdense bordo Cádiz con dereitos de Aduanas pagados





Axiña reciberei unha remesa de vinte autos e camiós, polo que recomendo aos moitos clientes que lles interesa adquirilos, faigan os pedidos EN FIRME, pois a demanda é moi superior as posibilidades da entrega inmediata. As entregas faranse por rigoroso orde de turno.

Gran servizo económico de autos de alquiler

**LUIS GRANADOS**  
**AXENTE**

Oficiña, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóbiles

Todas mis ofertas se entenden sin compromiso y sujetas a mi confirmación. As mercancías viaxan por conta e resgo do comprador, non ademitindo devolta dempois da saidas do almacén

**Payo Gómez, 5**  **A Cruña**  **Teresa Herrera, 6**


DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL  
ANO VI — NÚMERO 156 — 1.º FEBREIRO 1922

---

## GALEGOS ILUSTRES



• A Concepción Arenal no CII aniversario do seu nacemento  
(30 Xaneiro 1820)

## O Congreso da Raza Irlandesa

Con motivo do Congreso que está facéndose en París mandáronse moitos telegramas coa adhesión de Galicia ademais deste mensaxe.

*Ao Sr. Presidente do Congreso da Raza Irlandesa, en París.*

*Cidadans da libre Irlanda, irmans da raza nosa! n-istes momentos en que vos achades en xuntanza de trascendente patriotismo para fixar as bases nas que afincárase o glorioso porvir da vosa terra e da vosa raza, nós os nacionalistas galegos, fillos tamén da raza celta, representando as arelas de liberdade que xermolan puxantes e briosas na alma do noso pobo, temos o honore e a ledicia de vos dirixir un saúdo que é ateigado de agarimo; saúdo que e confesión de amose fraterno, embora pol-os vossos trunfos, admiración pol-os vossos heroicos sacrificios, e queremos que sexa tamén alento para as futuras loitas pol-o afincamento da República Irlandesa.*

*A heróica epopía do gran pobo irlandés encheu de admiración ao mundo enteiro, encheu de gloria a Historia da Civilización, de santo orgulo a cantos nos sentimos irmans vosos, e de alento a todol-os pobos que cobizamos a nosa liberdade. Por iso a concencia de todo o mundo civilizado está convosco, irmans da Irlanda.*

*Xa chegaron os tempos para a redención da raza celta, a quen gardáballe a Historia días de insuperable grandeza. A vella civilización mediterránea estase esmorecendo para deixar paso á nova civilización atlántica, e Deus fixo que os pobos celtas aniñasen n-as Veiras do mar da liberdade para seren os forxadores das Táboas da nova Ley que ten de rexir d-agora en diante ao mundo.*

*Nós, os galegos no hino tradicional da nosa Patria temos nn canto que nos dí eisí: «Galicia, erguete e anda, coma en Irlanda». Este hino, que xa no século pasado escribiu un dos nosos apóstolos, é para nós un dogma e un mandato. Por iso, n-estas horas supremas, estamos con alma e corazón ao lado voso para recoller os vossos enseños e cumprir os vossos acordos.*

*Tende, irmans irlandeses, a seguranza da nosa solidariedade mais cordial convosco e da nosa adhesión mas fonda ó Congreso que estades celebrando.*

*Recibide as nosas oracións para os vossos mártires, e o saúdo da nosa admiración e do noso entusiasmo para os vossos héroes e para todol-os que n-ese Congreso estades traballando con patriótico fervor pol-a exaltación da Raza Celta.*

*¡Irlandeses: Viva a Irlanda libre e a solidariedade de todol-os pobos celtas!*

*Na Cruña 20 Janeiro 1922.*

*Por total-as organizaciós nacionalistas, o Consello directivo da «Irmandade da Fala».*

V<sup>da</sup> de H. Hervada **Casa fundada en 1865**  
**A CRUÑA**  
FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

## NACIONALISMO GALLEGO

### O CHAO GALEGO

Hoxe está reconocido pol-a ciencia, que a terra galega, c'oaas provincias portuguesas de TRAZ-OS-MONTES e ENTRE-DOIRO E MINHO, constitue unha rexión xeográfica perfectamente caracterizada e distinta de total-as demais da Península, rexión que Hernández Pacheco chama GALAICO-DURIENSE, e que Dantin Cereceda esquematiza as suas diferenciales do xeito seguinte: «Terreos graníticos primitivos, suxetos á erosión dende fai moitísimo tempo. Clima húmedo, chovendo moito. Vexetación alpina e boreal, como a da Europa central. Lameiros, gando. País superpoboado.»

E a nosa Terra a mais vella da Península, a primeira emerxida do Océano siluriano, non pertencendo a nosa complicada orografía ao sistema pirenaico, senon sendo independente d'él, e anterior. Ademais d'esto, pol-o clima marítimo, chuvioso, con ceo nórdico e bréztmas a miudo; pol-a flora e a fauna centro europeas, Galicia e ben unha das terras do Atlántico boreal, unha terra a mais europea da Península.

O noso paisaxe ten xa unha caracterización ben marcada, un enxebrismo que se colle ao primeiro ollar, e que faino único no mundo, mais único ainda entre as terras peninsulares, hasta o punto de facer exótico para os hespañoles do Sul, do Centro e do Mediterráneo.

É pois a nosa, como si dixéramos, unha terra xeográficamente autónoma.

### A xente galega

É un feito que se non pode discutir seriamente, que no pobo galego hai un predominio marcado do elemento loiro centro europeo, como non sucede en ningún outro pobo da Península. Na poboación rural, nótase que todol-os rapaciños son brancos como a neve co cabelo loiro, cuà-seque albino. Logo, o sol, o ar, no traballo constante da terra vólvelles o coiro torrado e o cabelo escuro.

Non falo dos cracteres cranianos, porque non se teñen estudiado ben.

O elemento loiro centro europeo, ten entre nós duas orixens: os celtas e mais os xermanos.

O acharse compretamente poboada Galicia na época neolítica, e o que coidan inducir algús no exame d'algunchas gravuras rupestres, suporía que a xente que Sergi chama mediterránea, tería chegado por eiquí. En tal caso, sería, d'acordo cos estudos mais modernos, a rama ligur.

O que fica comprobado é a ocupación de Galicia pol-os celtas, pol-o menos desde o século VI antes de Cristo.

Según a teoría do sabio alemán Schulten—que os descubrimentos arqueolóxicos van confirmando— a maior parte da nosa terra, tería unha poboación puramente céltica. O elemento ibérico sómentes penetrou eiquí coa ocupación romana, e esta non foi seriamente efectuada hasta o tempo de Augusto.

Cincó séculos despois, aparecía entre nós o elemento xermano, representado pol-os suevos, que tiveron eiquí a sua base de óperacións, hasta seren domeados, mais non expulsados, por Leovixildo.

Dende á Reconquista comenza un novo período de lenta infiltración á terra, sexa pol-a superioridade da raza,

o certo é que nin a infiltración romana nin a infiltración ibérica conseguiron destruír o predominio do elemento loiro centroeuropeo no pobo galego.

A raza galega sigue sendo a vella raza céltica, mesturada con iberos, romanos e xermanos, mais imponéndose os caracteres dos celtas por riba de todol-os demais. É pol-o tanto a menos ibérica da Península e con estreitos parentescos étnicos fora da Hespaña.

Vicente Risco.

## Exemplos a imitar

Non tan só de pan viven os homes. Se ben é certo que as custións e problemas económico-sociais teñen de sere a primeira cousa que interese aos pobos, de certo é tamén que estes non deben daren de man nin debotaren de si aqueles outros ideás que procuran pol-a sua cultura e seu engrandecemento Moral.

Falamos d'esto pol-o exemplo que nos ven de fora e d'unha rexión española que todos pretenden amostrarnos como pendente de cote e en todo lugar do material tanto por cento.

Escusado é o decir que trátase da nosa irmá en ideás, Cataluña.

Alí, en medio do trafego enorme dos negocios e do comercio, do verdadeiro traballo que fai ricos e prósperos aos pobos, ocúpanse a cotío dos intereses culturás que máis poden enaltecer á sua terra natal.

Non queremos ofender a ninguén; pero pódese casi se asegurar que de toda a Península, onde máis e millor se traballa en todol os ordes, tanto materias como morás, é no antigo Principado.

Por eso é a xenreira que se lle tén. É natural: os zán-ganos non poden se avír co as traballadoras abellas.

Entre das moitas probas de adiantamento e de como Cataluña vai pol-os sendeiros verdadeiramente europeos tan pouco miradas pol-o resto das xentes en España, temos unha que é abondo para nos facer ver canta é a gran diferenza que hai entre das rexións que conforman o Estado Español.

No número do 11 de Xaneiro próximo pasado, do importante boletín *A Vanguardia*, de Barcelona, vemos un artigo titulado *De mi tierra; El amor al oficio* e que traí a sinatura de Gaziol, no que se nos conta como un modesto impresor de San Feliú de Guixols, modesta vila cataláne, soupo, pol-o seu honrado traballo e pol-o santo amor a seu país, ao facerse unha desafogada posición.

Octavio Viader, que ese é o seu nome, non se contentou, como moitos outros dos que temos á bao entre dos nosos, de se procurar unha vida cómoda e logo, deixar rodal-a bola: Non. amante das glorias do seu país, á elas consagrou seus empeños e tratou, dentro dos medios que lle permitía o seu oficio, leval-o seu grao de area á cultura xeneral de Cataluña.

A Viader débese que, entre outras obras que imprentou en monumentás edicións, acaba de vel-a luz estos derradeiros días unha fermosa reprodución de «Tirant lo Blanc» a famosa novela catalana de cabalerías, unha das poucas que no celebrado escrutinio de libros de que nos da conta Cervantes no seu «Quixote» foi das que saliron ben libradas e non foron pararen ao lume.

A reprodución do libro cabaleiresco foi feita con todo amor e cuidado. Forma dous enormes tomos «in folio» en papel escelente e feito adrede; os tipos da impresión son como os do século XV italiáanos. Adornan a obra iniciás soberbas, e a portada polícroma e orixinal do noso vello e querido amigo Eudaldo Canibell, verdadeiro mestre de tipógrafos.

Ben sabemos que para a memoria dos nosos, todo esto non pasa de sere, según eles «unha chifradura»; pero os que así opinen non viven no mundo da realidade.

Viader fai co as suas impresións por Cataluña moito mais do que se imaxinan os que non pensen como nós, e aparte da recompensa material da sua labor ten a recompensa espiritual de laborar pol-a sua terra e de que n-ela e fora se lle premie, como se debe, todo o que fai.

¿Cando nós, os galegos imitaremos ese exemplo? ¿Cando haberá entre nós impresores que se estrevan a editar reproducións somellantes das numerosas obras que son honra e prez das letras e da tipografía do noso pobo, e fagan como fixo e fai un modesto tipógrafo catalán nunha mais modesta vila?

Non, non perderían o tempo os que tal fixeran, inda que para certos espíritus cativos falar, xa nou intentar de certas empresas é senón unha verdadeira toleria, un fantástico sono. E os que sonan son eles.

Namentres non pensemos mais elevado e mais nobremente e non intre os nosos homes adifeirados, industriás ou non, non se ocupen mais que de mirar por si e non pol-o interés do seu país, nin poderá haber na terra galega grandes industrias nin progresaremos no orde moral e material. A pobreza de pensamento ten sempre por obriga compañeira, a decadencia dos pobos.

Viader traballou pra si; para tamén traballou pol-o seu país. De ese xeito, o que comenzo fillo de un honrado e modesto menestral, con unha sola minerva e un homilde taller, é hoxe home acaudalado, ao facerse rico, comprendeu que parte da sua riqueza debía-lla a o seu país. As suas altruístas ideás non o arruinaron sinón que o fixeron prosperar cada vez mais a vista de todos nos que atopou axuda e non a competencia nin as contrariadas que lles facemos sair na nosa terra a estorbarlle o camiño aos que en realidade teñen verdadeiro valer e sóbralles vontade e desexos de traballar pol-o ben común.

Veixase, pois, este exemplo; tráteno de copial-os que deban ser terras galegas e a vez que farán un ben a este malfadado país, laborarán ao mesmo tempo pol-o seu medro persoal.

Pénseno e pénseno ben. E queiran os Ceos que algún dos nosos grandes ou pequenos impresores se inspire no exemplo do guixolense para seu ben e para ben de Galicia.

ECEA.

## Doctrina Nazionalista

POR

Ramón Villar Ponte

Con un entroitto de José Puig y Cadafalch,  
Presidente da Mancomunidade catalana.  
Os pedidos ao Administrador de «A Nosa Terra»

# NOVOS LIBROS

Do poeta da raza

## Vento Mareiro

Admirablemente editado pol-a «Editorial Galatea» de Madrid, da que é propietario o noso amigo don Alexandro Pueyo, acaba de se pôr á venda a segunda edición correxida e aumentada do libro do poeta da raza Ramón Cabanillas «Vento Mareiro.» É o primeiro libro que sae á luz da «Biblioteca Galicia» que o Sr. Pueyo ten creado.

Leva unha magnífica e interesante portada do noso xenial e admirado Castelao, que como obra suá é todo o boa que cabe supór. Ademais, intercalados no texto, leva unhos dibuxos moi ben feitos de Alvaro Cebreiro, noso irmán na causa.

Como decimos, o libro é un verdadeiro alarde de tipografía, e poi-o seu módico precio terá de esgotarse axiña. Ademais das poesías publicadas na primeira edición feita na Habana leva outras novas.

De Cabanillas, d'abondo coñecido dos nosos lectores ¿qué podemos dicir hoxe? Abonda con dicir que é o noso poeta, o poeta da raza, conceptualdo xa como un dos primeiros da Iberia. Nas páxinas de A NOSA TERRA temos falado moito d'él e publicado moitos traballos seus, algúns dos cales están no libro que acaba de saír. Todo canto se poida dicir de Cabanillas parécenos pouco. A súa magnífica obra é a que millor pode falar do noso mais grande poeta.

A saída d'este libro merece ser marcada con pedra branca nos anales da literatura galega, cada día mais puxante.

Todo galego tén a obriga de mercar a obra que saleu agora para se cerciorar millor de canto val Cabanillas. En ningunha biblioteca galega debe faltar esta verdadeira xoya da nosa literatura.

Felicítamos ao señor Pueyo por esta labor que agradecemos, e aos irmáns Castelao, Cebreiro e Cabanillas, enviamos querendosas aoertas que demostran canta é a nosa ledicia pol-a saída d'este libro, que él soio fala moi alto da nosa, cada vez mais firme, personalidade.

## Doctrina Nazonalista

Fai poucas datas púxose á venda nas mais importantes librerías de Galicia un libro interesantísimo do querido irmán Ramón Villar Ponte.

O libro, que vai escrito na fala de Galicia, leva un entroito do Presidente da Mancomunidad Catalana José Paig y Cadafalch. E unha contestación aos valeiros argumentos que os enemigos do nacionalismo galego veñen empregando en contra de nós.

«Doctrina Nazonalista», como o folleto de Vicente Risco «Teoría do Nazonalismo Galego», son d'unha grande utilidade, pois dan a conoecer o noso ideal e enseñan a moitos cal é o verdadeiro galeguismo.

E preciso que os galegos vaian decatándose de que xa é tempo de pensar seriamente na Patria e traballar por ela.

Nada mellor que estos libros para despertar as conciencia dormentes e facer gallegos BÓS e conscentes.

O libro, que vai moi ben editado, está feito na forma dialogada. Copiamos algúns párrafos:

«¿Qué se enxergue por nazonalismo?»

Nazonalismo é unha doutrina ou, millor ainda, un corpo de doutrinas que fan referencia ao restablecemento de todol-os dereitos e prerrogativas que a un pobo libre e soberán de si mesmo

lle corresponden, eisí como tamén ao desenrolo de total-as manifestacións da súa vitalidade e ao desenvolvemento de total-as súas actividades

N-outros termos: O nazonalismo é o berro que un pobo que se sinte capacitado pra gobernarse a si mesmo, sen tutorías alleas, ceiba, có fin de que o Estado que lle ven servindo de tutor e de guía o reconeza como maior de idade e, pol o tanto en disposición de rexírese a sí mesmo.»

## A Lingua como fundamento primordial de nazonalización.

Tendo en conta que nazonalizarse un pobo é creare n-él unha concenza colectiva, é faguerlle decatarse de todo o qu'él seu en escrusivo e a él pertenesce de un xeito singular e único, que o fai difrenzar de todol-os demais, donándolle personalidade inconfundíbel, convertíndoo en algo que destaca pol-as súas características propias dentro da xuntanza das nazonalidades que integran o mundo; tendo en conta, asemade, que a nazonalización de un pobo é unha tarefa que dende os seus escomenzos vai directamente encamiñada a faguere que os cidadáns do mesmo se decaten de que antré eles existen vencellos raciaes; lingüísticos, mesolóxicos, de cobizas comúns e d'espraazas e de aspiracións que a todos afectan por igual.

.....  
Mais aínda hai outras razóns. Supóndo factíbel o prescindire da lingua propia ao escomezarse unha tarefa nazonalizadora, teríamos que, ao cabo d'algún tempo, aquel pobo en que tal se fixese amostrárase reducido á tristeira condición d'esclavo espiritual de aquel outro cuia lingua houberse adoptado.»

A nosa embora ao noso irmán Ramón Villar Ponte por esta patriótica labor tan necesaria.

## ABRENTE

Victoriano Taibo, o noso irmán distinto e quirido acaba de aumentar o tesouro da nosa lírica c'un tomo de poesías ateigadas d'inspiración e envolteitas n-un forte e rexo espírito nacionalista.

O libro entra na praza das nosas loitas literarias, nas que a victoria é cousa descontada para o autor, precedido de dous heraldos de enxebreza, de dous poetas cheos de luz e de ideal, que se chaman Cabanillas e López Abente. O anuncio é certamente dino do anunciado.

—«Ven a veira do mar, — dílle o primeiro heraldo —; non ouces, esvaído de dór, encol das augas, —o tanguido de morte, a voz pregante—da doente campana...?— ¡Chega d'alá! ¡D'alá, onde a irmanciaña—ergueu o seu fogar! — ¡Chega d'Irlanda! —Fundida ao lume dos romances vellos,—e de lelías e cancións forxada,— feita d'amor e dór ¡tamén nos temos—unha meiga campana! — Como no'hai outra, doce; — como ningunha, maina; — mimosa como un bico; —tenra como unha bágoa; —como un adios saudosa...—; campaña da fala! — ¡Tangue á reo, poeta, — tangue a nosa campana! —San Patricio t'escoita—dende a nube de prata!»

E o outro heraldo, de musa rexa e pondalina, que en casta lle veu, pide praza para o loitador, dicindo ao final:

«Cal moxena de lume, libertade,  
agoira sanguíñenta volvoreta:  
Fillos valentes d'este chan, deixade  
paso ao poeta.»

E o poeta, aceso no sagro lume que os xenerosos manteñen no altar da Terra, canta en todol-os sons, dende a forma bárdica que inmortalizou a Pondal hasta as novas feitura modernistas, inda que n-un xeito armónico que nos congracian co'ese xénero.

Non citaremos ningunha composición porque todas elas son dinas do poeta. Aconséllanos, sí, que os nosos irmáns merquen **Abrente** e cando cheguen á ESTRADA DA LIBERTADE sentirán o forte sacudimento das máis fortes arelas de redención.

Nada decimos tampouco do linguaxe empregado por Victoriano Taibo; sou cousas pequenas, análisis comineiros que a lus da verdadeira poesía impide facer.

Solo podemos dicir que temos un libro máis, e que Deus permita que non sea o primeiro. Dos loitadores intelixentes coma Taibo, Galicia ten dereito á agardar máis días de gloria.

## NO PRELO

Está imprentándose «Da vella roseira», fermosa colección de inspirados e valentes versos do noso querido irmán Victoriano Taibo. Este libriño, que non tardará en se pôr á venda, é un lindo «bouquet» de rescendentes frores da nosa lírica que ha de chamar a atención. Será un novo florón que ven a ornar a espreñida coroa das musas da nosa meiga terra.

Outro querido irmán, Manuel Lugris, deu ao prelo unha GRAMÁTICA GALEGA, que tanto se botaba de menos entre nós. Conocidos cal son os grandes estudos que da nosa fala ten feito tan amante fillo de Galicia, non haberá que dicir que a sua Gramática será unha obra perfecta e axustada aos máis modernos adiantos da ciencia do linguaxe.

## Teatro galego

### A Agrupación Artística de Vigo

Temos noticia de que esta simpática e meritísima colectividade ven ensaiando a comedia de Cabanillas «Man de Santiña.»

Enchenos de ledicia o ver como por Galicia adiante váise afincando na mocidade o desexo de laborar pol-o rexurdimento da propia personalidade, e son cada paso máis as agrupacións consagradas ao fomento e cultivo da arte enxebre.

A Agrupación Artística, de Vigo, é unha das que máis empeño puxeron en dar a coñecer, neste renacemento da nosa arte, non sómente a música popular xa esquecida senon tamén a dramática coase iñorada.

Os éxitos abranguidos por este fato de rapaces, dirixidos pol-os Sres. Rúa e Endérix, que conta como figuras de primeira línea entre as actrices galegas ás Stas. Carmiña Rodríguez, Amelia Argibay, María Ramallo e Xuana Seijo, e en cuio elenco forman os Sres. Iglesias, García, Macías, Quirós, Fernández, Lafueute e outros varios, todos entusiastas amadores e profundamente galeguistas, son tantos coma representacións deron; e conta que xa levan xogado unhas poucas veces as diversas obras de varios autores que teñen de repertorio.

Dende logo que en Vigo, como nas outras cidades que nas suas excursións artísticas visitan, pode facer unha

enorme labor en ben do noso Teatro a Agrupación Artística, como ten xa demostrado nas moitas festas organizadas, en que foron presentadas con moita propiedade: «Minia», «O Pazo» e «Mareiras», de Lugris Freire; «Na Casa do Ciruxano», de Riveiro e Sestelo; «Noite de rúa», de Leandro Carré; «O Lóstrego», de Xavier Soto; «O miñado e mail-a pomba» e «O embargo», de Rodríguez Elías; «Marzadas», de Xavier Prado.

Agardamos que á «Man de Santiña» seguirá o estudo d'outras obras que xa teñen no seu poder os intelixentes e cultos directores da sección dramática da Agrupación Artística, e continuará así a sua labor valiosa, tan importante, tan necesaria; sen decaimento, coidando máis ben de perfeccionar canto sexa posible o conxunto do grupo en relación coa presentación xeneral das obras, xa que a importancia d'estas maniféstase sómente cando baixo a dirección escénica teñen colaborado o escenógrafo, o xastre e o electricista tanto coma os actores.

Cónstanos que os Sres. Rúa e Endérix preocupanse de todol-os detalles necesarios para lograr unha interpretación perfecta dos tipos e cadros que se representan baixo a sua dirección, mais, aínda así, e porque sabemos que non todos os «actores» galegos pensan de tal xeito, van as nosas palabras anteriores para animar a éstos que sigan pol-o bon camiño, e para intentar que os outros emenden o seu en ben da arte.

Nesta sección facemos mentes de anotar canto coidamos proveitoso para o progreso e cultivo da nosa dramática. Queremos tamén, coma nun cadro de honor, que figuren aquí todos aqueles que presten o esforzo da sua mocidade, do seu talento, da arte ao servizo do Teatro Galego.

Por eso hoxe falamos nos termos que o fixemos da Agrupación Artística, de Vigo. En números sucesivos ocupámonos de outras colectividades que son tamén merecentes de xustas gabanzas.

## Un vello actor.

### Na «Irmandade» da Cruña

A patriótica labor que dendes tres anos ven facendo o notabre cadro de declamación da «Irmandade» da Cruña pol-o rexurdimento do noso Teatro, terá de ser feita este ano con tanto ou máis entusiasmo aínda que nos anos anteriores. Xa se teñen celebrado varias veladas e hai o propósito de dar a coñecer novas e moi boas obras de teatro galego e portugués. A labor galeguista por medio do teatro é de grandes resultados sobor todo no que se refire ao idioma.

As veladas da «Irmandade» concurre cada vez máis xente. As que teñen feito este inverno foron unhas verdadeiros éxitos non xa artisticamente senon tamén pol-o intrínseco que a xente vai demostrando pol-o noso teatro, cada vez máis xurdio e vigoroso.

## Os viños do Ribeiro

# ARNOYA FINO

Siñifican o máximo da «delicadeza»

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: Waldo Losada

O exemplo que dan os entusiastas e traballadores irmáns que compoñen o cadro da «Irmandade» da Cruña debía ter moitos imitadores. En cada vila galega debía haber unha colectividade que d'este xeito traballe e axude a afirmar a nosa cultura teatral.

## En Ourense

### Unha exposición e unha conferencia

No local da «Moedade Galeguista» de Ourense acaba de estar aberta ao público unha notable exposición de dibuxos e retratos feitos pol-o grande artista ourensán; un dos fundadores de aquela «Moedade», Francisco Lamas.

O expositor é un rapaz, todo galego, que rebela unha gran disposición pra a arte que cultiva. Según lemos nos xornaes de Ourense, a exposición foi moi gabada pol-os intelixentes e por cantas persoas acudiron aos salós da entusiasta e traballadora «Moedade.»

No día da clausura, o 16 do mes que finou, o querido irmán noso Vicente Risco dou unha notabilísima conferencia versando sobre a arte. Foi unha conferencia moi interesante como todo o que fai o noso sabio e bó irmán, Risco colleitou moitos aprausos e felicitacións.

Pol-a nosa parte felicitamos aos irmáns Lamas e Risco. O mesmo que á entusiasta «Moedade Galeguista» de Ourense, que tanto fai pol-a Nosa Causa e pol-o desenrolo da cultura galega.

## LETRAS IRMÁNS

### Almeida Garrett

POR

Antonio Padula (1)

(Traducción gallega de Florencio Vaamonde)

O Portugal que no século XVI alcanzou co'a expansión das suas colonias o máisimo vigor nacional, e, por obra de Camoens, viu a sua lingua e a sua literatura levada á perfeición, desperta tamén agora a admiración do mundo civilizado pol-o culto que profesa á memoria dos seus fillos inmortás. E certamente nos fastos portugueses do século XIX, serán célebres as festas solemnes pol-os centenarios de Camoens, do Infante don Enrique o Navegador, de San Antonio de Pádua e de Vasco de Gama.

Pero neste día, catro de Febreiro, aunque un século do nacemento d'Almeida Garret, e cóstanos que o Portugal non deixará pasar sen honrar unha data tan memorabre. A Real Academia das Cencias de Lisboa encomenda a Teófilo Braga facer o xuício sintético sobor do renovador da literatura portuguesa nos primeiros tempos do romanticismo.

Almeida Garret foi todo o que quixo o seu xenio. A

(1) Opúsculo publicado en Nápoles, con motivo do centenario de Garret, o 4 de Febreiro de 1899. Cuidamos será do agrado dos nosos lectores, este traballo acerca do Príncipe da moderna literatura portuguesa.

novela, a poesía, o teatro, a historia literaria, o estudo das tradicións, o xornalismo, a lexislación e a tribuna parlamentaria, vede aquí os campos que él recorreu e nos que maravillosamente resprandece. Garret soubo axuntar as suas obras de arte á total-as aicións heroicas a todol-os momentos decisivos da vida nacional, e val él sô unha enteira literatura. ¿Que mais? Diputado, par, ministro e diplomático, estuvo sempre a altura de tales oficios, combatiu coma valente co'a penna do xornalista e c'o fusil do soldado nas loitas acaecidas pol-a libertade da sua terra.

No 1823 largóu a Franza para se libertar das insidias do Goberno despótico perxuro á constitución. Apenado na terra do desterro pol-os feros da saudade, recurriu co'a mente como a suave conforto, ao cantor dos Lusíadas, o ilustre desterrado, e d'él fixo revivir nun valente poema o grande culto.

Aquel poema, no que Garrett glorifica en Camoens a encarnación simbólica da alma e da sorte do pobo portugués, fixo a revolta literaria á que foi compañeira a revolta política, que sinalóu a ruina da Monarquía absoluta.

Naqueles versos subrimos, verdadeiramente inspirados, arrecende o perfume da patriótica poesía camoniana. Larga este apóstrofe en boca de Camoens, que lé o seu poema ante el-Rei Don Bastián e a sua corte.

«Campos Alxubarrota, os vosos ecos parece que repiten ainda os sonidos terribres, penetrantes, bárbaros, espantosos das trombetas casteláns... O sangue corre a regueiros; trema a terra baixo das ferraduras dos cabalos cheios de ardor; o tumulto enche o val; o ferro das lanzas entra nos corpos; os escudos sonoros rómpanse con estrondo. ¡Vitoria! Os portugueses trunfan a mercé de Nuño, o valeroso condestabre de Xoan d'Avis.»

A Europa agora non abonda ao noso indomabre valor; a Africa ardente tremóu e Ceuta vencida abre as suas portas aos nosos mainánimos fillos. Mais ben cara nos custa a vitoria. Un novo Régulo pol-o sô amor da patria para na escravitude unha vida que podía gozar libre. Fernando, quinto filló de Xoan d'Aois, espira nun tebro cárcel. O seu nome, ao menos, trunfa da morte, e brila con vívida luz para honor da patria e para vergoña eterna dos príncipes que esperan a morte sobre d'un dourado leito.

Como Alexandre Manzoni na Italia, así Almeida Garrett no Portugal foi o creador da novela histórica. O seu «Arco de Sant' Ana» adiquiriu tan grande popularidade que induxo ao mestre lá Noronha a compôr unha preciosa obra musical c'o mesmo título. Na quela novela, que é un modelo esquisito de prosa, están descritos con pintoresca potencia de linguaxe os tempos de D. Pedro I, amante e despóis home da deventurada Inés de Castro, e as suas loitas c'os barós e c'os bispos do medio evo.

O teatro portugués, que no século XVI tivo o seu Plauto en Gil Vicenté, cai despois nun profundo dormexar hasta Almeida Garrett, que o fixo acordar á vida c'os seus dramas: «Nun Auto de Gil Vicente»; o «Alfaxeme de Santarem»; «Frei Luís de Sousa».

O derradeiro é a verdadeira obra ótíma da literatura dramática do Portugal, e mereceu ser posto nas línguas italiana, hespañola, francesa e tucesca.

Edgar Quinet, no seu libro «Nacances en Espane», cita o «Frei Luís de Sousa» como o tipo da traxedia moderna na Europa. E o mesmo nafecto un drama estupendo e único os cales personaxes, cunha simplicidade digna



# Vento Mareiro

do Poeta da Raza

**Ramón Cabanillas**

Con dibuxos de Alvaro Cebreiro

Os pedidos ao Administrador de "A Nosa Terra"

dos antigos modelos gregos, representan unha traxedia patética e elévanse hasta o heroísmo.

O argumento é un episodio da historia do Portugal. El Rei Don Bastian pereceu o 4 de Agosto de 1578, na batalla de Alcazar-Kébir, terrible desastre que debía privar á nación portuguesa da súa independencia. Mas como non se puido descubrir ou reconocer entre dos caídos o seu corpo, o pobo, no seu patriotismo, esperou longo tempo que o amado príncipe retornase un día para tirar o seu reino á tiranía hespañola, moitos cabaleiros que n'aquela funesta xornada iban na compañía de Don Bastian, desapareceron con él.

Era entre eles Don Xoan de Portugal, da nobre casa de Nimioso, cuia muller Doña Magdalena de Vilhena, cuidandose viuda, despois de sete anos de infrutuosas averiguacións, terminou con maridar c'o gran patriota Manoel de Sousa Coutinho.

Unha filla naceu d'este matrimonio.

Pero pasado de vinte e tres anos, don Xoan; que a outro día da batalla fora levado prisioneiro a Palestina, reaparece un día con habito de peregrino, e co él a desventura e a vergoña no pazo de San Pabro, onde Sousa se retirara c'os seus, despois de dar a os tirans do Portugal unha gran lección de patriotismo.

Don Xoan vivo, Madalena era pois adúltera; Sousa o cómplice de unha falta irreparable, e súa filla, o testimonia vidente de tal opróbio.

¿Cal sería o desenlace de tan crítica situación, nunha época e nun país no que tiñan tanta forza a fé relixiosa e o sentimento do honor?

Manoel e Madalena cando veu, por unha culpa involuntaria, destruída a súa felicidade, lexugado o nome glo-

rioso dos seus ascendentes, morta a adorada filla de vergoña e de dôr, visteu o hábito monástico e van a esconder no craustro as bágoas d'unha cruel espiación.

O mestre Freitas Gazul de Lisboa, fixo argumento d'unha ópera o *Frei Luis de Sousa*.

Un distinto escritor que ainda vive, Xaquín de Araujo, o cal dendes do 1891 fai unha nobre invitación á mocidade portuguesa para que non se esquecese de ccelebrar o centenario d'Almeida Garret, describeo nesta forma es-cultórica:

«Señario de grandes e xenerosas ideas, Garret, o mesmo que Camoens, penou no carce e vestiu o uniforme do soldado portugués.

Nun naufraxio perdeu os seus manuscritos, como nun naufraxio Camoens. houbo de perdel o extraordinario poema da nosa nacionalidade.

Tiña a bondade de un héroe antigo; da historia da súa vida, minuciosa e graciosamente narrada pol-o predileito discípulo que lle cerrou os ollos, non sae a mais pequena nódoa que escureza aquel carácter tan puro, tan luminoso, tan elevado.

Orador notabilísimo, deputado, par do reino e ministro, él foi sempre o soldado do Porto, c'o fusil ao hombro en defensa da liberdade.»

Hoxe, pois, o Portugal conmemora dinamente o centenario de outro dos seus grandes e nós apraudimos de corazón.

O pobo portugués, que ocupa un posto importantísimo na historia da civilización e permanece fiel no presente indiferentísimo as gloriosas lembranzas nacionás; testimonia luminosamente a súa indole mainánima, a sra alteza moral, e ten o dereito d'esperar un mais lisonxeiro porvir.

**Antonio Padula.**

Nápoles 4 de Febreiro de 1899

## ABRENTE

Poesías de Victoriano Taibo

PRECIO: 3 pesetas

Os pedidos ao Administrador de "A Nosa Terra"

## NELSON LINES

Servicio dende o porto da Cruña para os de Río Janeiro, Montevideo e Bós Aires

PROXIMAS SAIDAS DA CRUÑA

Highland Loch	29 de Xaneiro
Highland Warrior	12 de Febreiro
Highland Laddie	26 de idem
Highland Piper	12 de Marzo
Highland Glen	26 de idem


**Precio en terceira clase: 484'60 ptas. — Admite pasaxeiros de todas clases e carga**

Precios da pasaxe en terceira clase; De 10 anos en adiante, 484'60 ptas.; de 5 a 10 anos non cumpridos, media pasaxe; de 2 a 5 anos non cumpridos, cuarta pasaxe; menores de 2 anos gratis.

Os pasaxeiros teñen que presentarse n-esta Agencia CINCO DIAS antes da data de saída, a fin de cumprir todol-os requisitos das vixentes disposicións.—Para mais informes dirixirse ao seu Consignatario

**Nicandro Fariña - Rua de Compostela (esquina á Praza de Lugo) - A Cruña**

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade  Servicios directos desde o porto da Cruña

Próximas saídas DIREITAMENTE da Cruña

## Vapor ESPAGNE 23 de Febreiro

Prezo en Cámara para o vapor LAFAYETTE

		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase	»	1.100	1.200
Preferencia	»	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS.	»	600	600

Prezo en Cámara para o vapor

		HABANA	VERABRUZ
Primeira (varias categorías).	Ptas.	1.350 a 3.600	1.495 a 3.906
Segunda.	»	1.100 a 1.125	1.200 a 1.225
Preferencia.	»	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS	»		

A estos precios hai que añadir os impostos .

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.

Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

**D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA**

# COMPANÍA CHARGEURS REUNIS

E

## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

### Liña Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os maníficos vapores rápidos a dúas hélices e de 12.000 toneladas,

DATA	VAPOR	Prezo en 3.ª cras
21 de Marzo	DESIRADE	484'60 pesetas

Prezos en cámara

		Fernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
Prezo do billete en luxo	Ptas.						
En primeira crase.	»	1.475		1.675	1.725	1.950	2.435
En segunda crase.	»	825		825	825	825	825

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarto pasaxe; de cinco a dez anos, medio pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteiro.

E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xeneraes en Hespaña:

**ANTONIO CONDE (Fillos)**

Plaza de Orense, 2-A-CRUÑA

Telegramas: CHARGEURS